



SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS

saídas profesionais comarcais

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

María Luisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

Equipo técnico:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Marta Bermúdez de Santiago
Ricardo Fernández López
Rosa M^a Fernández Fernández
Diego Loureda Couceiro
Esther Sánchez González
M^a Belén Yáñez Barge

Equipo auxiliar:

M^a Jesús Iglesias Ferreiro

Dep. legal: C-1490/2005

Deseño e Maquetación: Plana Artes Gráficas, S.L.

Imprime: Plana Artes Gráficas, S.L.

■ ÍNDICE ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■

■	Introdución.....	5
■	Criterios metodolóxicos.....	7
■	Principais consideracións sobre a análise comarcal.....	13
■	Análise contractual das comarcas	
	A Coruña	19
	Lugo	39
	Ourense	55
	Pontevedra	69

■ INTRODUCCIÓN ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■

O Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións vén desenvolvendo unha liña de traballo dentro da denominada área do mercado laboral galego. Neste senso, contamos con estudos en que, partindo das variables representativas do mercado de traballo, se realiza unha análise a distintos niveis territoriais: autonómica, provincial ou comarcal.

Os traballos realizados con referencias comarcais son: *Informe comarcal do mercado laboral*, onde se inclúe información trimestral meramente descritiva das variables laborais e formativas concentradas en cada comarca galega; *Estudo do mercado laboral provincial*, no que se analizan máis en profundidade as características sociolaborais comarcais cunha periodicidade anual. Así mesmo, en informes internos realizados polo Observatorio Ocupacional inclúense continuas referencias ás características definitorias de cada comarca galega partindo das variables manexadas dentro da liña de traballo do mercado laboral.

Dados o interese e a necesidade de contar con información desagregada, decidiuse dar un paso adiante desenvolvendo un novo produto que denominamos **Saídas profesionais comarcais**, traballando sobre a base das ocupacións máis contratadas na comarca que poidan servir para coñecer as características dunhas contratacións que marcan en certa medida as tendencias do mercado de traballo.

Como resultado deste traballo iniciado no ano 2005, xorde unha publicación onde obteriamos información sobre aquelas ocupacións que están sendo máis contratadas, o que pode servir de referencia á hora de orientar os desempregados que buscan unha saída profesional local dentro dunha determinada comarca.

Dada a boa acollida desta publicación, decidimos actualizala e melloralala tecnicamente, engadindo novas análises que explicamos no seguinte punto dedicado á metodoloxía.

■ CRITERIOS METODOLÓXICOS ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■

Consideráronse como traballo de base os **20 grupos de ocupacións máis contratados** en cada unha das 53 comarcas galegas segundo datos do ano 2005. Cómpre explicar que non nos referimos ao número total de contratos, senón ao *número de persoas* (distintos DNI) que obtiveron un contrato. Por outra banda, debemos salienta o feito de que o peso contractual dalgunhas comarcas é moi baixo, polo que remitimos ao Informe comarcal do mercado laboral, elaborado trimestralmente polo Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións, co fin de que se coñezan os volumes contractuais de que falamos¹.

En contraposición con esta definición de contratados, consideramos as **demandas de emprego preferentes** recollidas nos devanditos grupos de ocupacións, é dicir, excluímos aqueloutros rexistros que recollen outras peticións de traballo (ata un máximo de seis demandas/persoas), ao consideralas subsidiarias na maioría dos casos, concentrándonos nas demandas que mostran unha clara preferencia do traballador, ben sexa por estudos, experiencia previa ou gustos persoais.

A consideración de grupos de ocupacións (CNO Clasificación Nacional de Ocupacións, a catro díxitos) vén motivada por cambios nas bases de datos de que dispoñemos, que nos impiden tratar a información de ocupacións a oito díxitos, como vén sendo habitual noutras publicacións nosas. Esta circunstancia dá unha imaxe máis xeral dos traballos referidos, o cal pode proporcionar menos concreción, pero tamén reducir sesgos cara a algunhas ocupacións que, nos consta, son máis habituais e recorrentes á hora de rexistrarse a contratación en determinados postos de traballo.

Unha vez clarificados estes dous conceptos, pasamos a definir os *indicadores clave* deste informe:

1. **Saldo neto**²: contratados-demandas de emprego en cada un dos grupos de ocupación analizados.

¹ <http://cualificacions.xunta.es>

² O saldo neto calcúlase para o conxunto do período; é dicir, o total de contratados no grupo de ocupación no período analizado menos o total de demandas preferentes rexistradas ao longo deses anos.

A análise dun saldo neto/grupo de ocupación, positivo ou negativo, tería o seguinte significado na análise:

O saldo neto positivo indicaría un *superávit de contratados* con respecto aos demandantes de emprego rexistrados; ou sexa, o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego preferentes. Indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes rexistrados nese grupo de ocupación de xeito prioritario.

O saldo neto negativo, pola contra, indicaría un *déficit de contratación*, é dicir, os demandantes de emprego que consideran esa ocupación como preferente superan os requirimentos do mercado de traballo, no que se refire ao traballo por conta allea. Esta circunstancia podería producirse por unha formación inadecuada ou insuficiente por parte dos demandantes, ou ben porque o mercado de traballo non é quen de absorber a demanda potencial.

Basearnos exclusivamente nestes datos non deixa de ser arriscado, pero si poden servir para indicarnos dalgún xeito como se está movendo o mercado laboral comarcal.

2. **Evolución do número de contratados**³: tivemos en conta tamén que o número de contratados estivese marcado por un crecemento ou decrecemento destes, analizándose tamén as posibles fluctuacións interanuais no período 2001-2005, e primando en maior medida a continuidade do crecemento contractual que un crecemento puntual por relevante que sexa en si mesmo.

Unha vez calculados eses indicadores, ordenáronse os resultados mediante uns cadros que conducen a uns cuadrantes indicativos do grao de "ocupabilidade laboral"⁴ a asignar a cada unha das ocupacións. O cadro presenta unha estrutura deste tipo:

³ Para analizar a evolución atendemos ao número de contratados rexistrados en 2005 con respecto á media contractual recollida no período 2001-2005.

⁴ A ocupabilidade laboral faría referencia ao estado do mercado de traballo: ao número de empregos dispoñibles, ás tendencias do mercado de traballo....

saídas profesionais comarcais

COMARCA		SALDO NETO POSITIVO (2001-2005) (3 puntos)	SALDO NETO NEGATIVO (2001-2005) (0 puntos)
EVOLUCIÓN POSITIVA (2001-2005)	Crecedemento do nº de contratados nos 4 períodos interanuais <i>Crecedemento sostido</i> (3 puntos)	OCUPABILIDADE LABORAL ALTA (5 OU 6 PUNTOS)	OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA (3 PUNTOS)
	Crecedemento do nº de contratados en 3 períodos interanuais (2 puntos)		OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA (1 OU 2 PUNTOS)
	Crecedemento do nº de contratados en 2 ou 1 períodos interanuais (1 punto)	OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA (3 OU 4 PUNTOS)	
EVOLUCIÓN NEGATIVA (2001-2005)	Decrecemento do nº de contratados nun período interanual (0 puntos)		OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA
	Decrecemento do nº de contratados en 2 períodos interanuais (-1 punto)	OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA (1 OU 2 PUNTOS)	
	Decrecemento do nº de contratados en 3 ou 4 anos do período <i>Decrecemento sostido</i> (-2 puntos)		

Deste xeito, considéranse de **ocupabilidade laboral alta** a aqueles grupos de ocupacións que aumentan o número de contratados con respecto á media do período e, ademais, o fan cun crecedemento sostido, ou, polo menos, en tres dos catro períodos interanuais. Así mesmo, presentan un saldo neto positivo, é dicir, detectaríamos un posible superávit da contratación.

A **ocupabilidade laboral media ou baixa** viría motivada por unha puntuación que combinaría as variables recollidas na táboa anterior, marcando unhas situacións menos favorables, pero indicativas de certa valoración positiva para os grupos de ocupación, ben sexa polos seus saldos netos e/ou pola súa evolución contractual.

As ocupacións **ocupabilidade laboral moi baixa** serían pouco recomendables, xa que non só non aumentan os seus contratados, senón que tampouco son quen de absorber a demanda de traballo rexistrada nelas.

En concordancia coas actuais políticas da Consellería de Traballo de primar a contratación indefinida, decidimos enfocar a nosa análise cara a primar aqueles grupos de contratación cunha maior contratación indefinida e penalizar a contratación con alta taxa de rotación (número de contratos/persoa) e duración inferior a tres meses.


Por este motivo, introducíronse na análise unha serie de indicadores elaborados especificamente para este traballo que se manexaron do seguinte xeito:

- **contratación indefinida**, medidor da porcentaxe de contratados indefinidos fronte ao total de contratados na comarca no último ano analizado e para cada grupo de ocupación. Esta porcentaxe ponse en relación coa calculada para o conxunto da comarca.
- **Taxa de rotación/persoa**, número de contratos temporais para cada contratado temporal ao longo do ano 2005. Tamén neste caso se pon en relación coa taxa de rotación calculada para o conxunto da comarca.

Cando os dous indicadores presentan peores resultados que os calculados para a comarca, restámoslle 1 punto á súa valoración da táboa.

- **Duración media da contratación temporal**. A fiabilidade deste dato por grupos de ocupación é moi baixa en termos xerais, xa que moitos contratos non contan con data fin para poder calcular a súa duración. Por este motivo, só consideramos este resultado cando a fiabilidade sexa, polo menos, do 60% dos contratos agrupados dentro dos grupos de ocupación.

Así pois, cando a porcentaxe permita esta análise e a duración do contrato sexa inferior aos tres meses, tamén se penaliza coa baixada doutro punto.



Outras consideracións metodolóxicas:

Así mesmo, atopamos algunhas ocupacións dentro das analizadas que presentan un crecemento sostido ao longo do tempo, o que parece sinalado tamén como dato de interese a resaltar (*crecemento sostido*).

Pola contra, aquelas outras que decrecen de xeito continuado (*decrecemento sostido*) son consideradas directamente como de ocupabilidade laboral moi baixa, ao considerar que a súa evolución non as fai recomendables como posible saída profesional.

Neste mesmo senso, tamén realizamos a mesma consideración daqueles grupos que diminúen a súa contratación no ano 2005 con respecto á media dos contratados no período analizado polo menos nun 50%, circunstancia que temos en conta independentemente do saldo neto que presenten, positivo ou negativo.

Os grupos de ocupacións con compoñente artística (valla como exemplo o recorrente grupo de compositores, músicos e instrumentistas) non son considerados neste traballo, xa que a súa propia connotación específica non os converte en saídas profesionais tradicionais. Ademais, cómpre salientar a gran temporalidade destes grupos ocupacionais, non caracterizados por unha estabilidade laboral que faga pensar en empregos estables, salvo excepcións.

Por último, cabe destacar que dentro das fichas aparecen sinalados aqueles grupos de ocupacións que estarían relacionadas cos denominados Novos Filóns de Emprego⁵, co fin de ver o grao de implantación deles nas distintas comarcas galegas. Aparecen sinalados *NFE* e, ao lado, o punto en que se integran.

⁵ Véxase *Ocupacións dende a perspectiva dos novos filóns de emprego* (2002), publicación do Observatorio Ocupacional onde se sinalan os puntos dos denominados Novos Filóns de Emprego e as ocupacións relacionadas con estes.

Existe un total de dezanove ámbitos clasificados en catro grandes grupos:

■ SERVIZOS DA VIDA DIARIA

- Servizos a domicilio
- Atención á infancia
- Novas tecnoloxías da información e da comunicación
- Axudas a mozos e mozas con dificultades de inserción

■ SERVIZOS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

- Mellora da vivenda
- Seguridade
- Transportes colectivos locais
- Aproveitamento dos espazos públicos urbanos
- Comercios de proximidade
- Xestión de enerxía⁶

■ SERVIZOS CULTURAIS E DE OCIO

- Turismo
- Sector audiovisual
- Patrimonio cultural
- Desenvolvemento cultural local
- Deporte

■ SERVIZOS DE MEDIO NATURAL

- Tratamento de residuos
- Xestión da auga
- Protección e mantemento das zonas naturais
- Regulación e control da contaminación e instalacións correspondentes

Todos estes resultados aparecen desagregados a **nivel comarcal** dentro de cada unha das catro provincias galegas.

Por último, hai que indicar que a incorporación do **mapa** serve non só para coñecer visualmente os concellos que integran cada comarca, senón tamén para *resaltar o peso que cada concello* ten con respecto á contratación nos 20 grupos de ocupacións analizadas.

⁶ Este apartado, xunto co deporte, foi introducido con posterioridade. Segundo o Caderno de traballo 40: **Os novos filóns de emprego no século XXI**, elaborado polo Centro de Investigación e Documentación sobre problemas da Economía, o Emprego e as Cualificacións Profesionais, aparece enclavado nos *servizos de mellora da calidade de vida*, ao referirse a: aforro enerxético nos edificios e vivendas, asesoramento ao aforro enerxético das familias e utilización de novas fontes de enerxía.

■ PRINCIPAIS CONSIDERACIÓNS SOBRE A ANÁLISE COMARCAL ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■

A. Grupos ocupacionais con maior ocupabilidade por sectores económicos

A provincia da Coruña é a que mostra unha maior variedade de grupos ocupacionais con ocupabilidade laboral alta e media, seguida da provincia luguesa. Aínda que na primeira podería xustificarse, en parte, polo volume de comarcas que contén (dezaoito), o certo é que no caso de Lugo poderíamos falar dunha certa dispersión contractual, circunstancia que, porén, atopa unha maior concreción en Pontevedra e, sobre todo, en Ourense.

O sector **primario** destaca en termos xerais por unha maior contratación en *grupos non cualificados*, concentrándose especialmente en peóns agrícolas e forestais. Cómpre salientar o caso de Lugo, onde non destaca tan claramente ningún dos grupos ocupacionais, e, de facelo, habería que remarcar o grupo de cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais, implicando unha contratación algo máis especializada.

A **industria** aparece cunha representación menor e diferenciada no caso de Ourense, onde habería que destacar o grupo de tronzadores, labrantes e gravadores de pedra, fronte aos grupos ocupacionais máis destacados no resto de Galicia: carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) e os peóns das industrias manufactureiras.

No que respecta á **construción**, a provincia con resultados máis discretos é a de Lugo, na que só atopamos certa reiteración no grupo xeral de albaneis e canteiros, grupo máis recorrente tamén no resto de Galicia. No caso da Coruña, proliferan tamén os traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados, xunto co grupo de pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados.

Por último, o sector **servizos** é o que presenta uns resultados máis variados, ao facer referencia a múltiples actividades económicas, ben que atopamos unha coincidencia xeneralizada nos dous grupos máis recorrentes: camareiros, barmans e asimilados, e condutores de camións. Como nota diferenciadora, hai que destacar en Ourense o grupo de bombeiros dentro dos máis prioritarios⁷.

⁷ Cómpre salientar que este grupo ocupacional inclúe o traballador retén de incendios forestais.

B. Grupos ocupacionais con ocupabilidade laboral moi baixa

O grupo ocupacional de empregados administrativos en xeral (taquígrafos e mecanógrafos) é o que aparece con peores resultados no conxunto de Galicia, ben que os resultados son especialmente relevantes na Coruña e Ourense, onde a maioría das comarcas contan con este grupo como de moi baixa ocupabilidade.

Na provincia da Coruña aparecen tamén os operadores de máquina de coser e bordar, reflectíndose fortes caídas contractuais e decrecementos sostidos que provocan unha mala valoración deste grupo ocupacional. Só a comarca de Fisterra aparece cun resultado medianamente valorable⁸.

C. Grupos ocupacionais con crecemento contractual sostido

A análise dos grupos ocupacionais que aumentan o seu número de contratados durante todo o período conduce claramente a destacar o **subsector da hostalaría**, onde os camareiros, barmans e asimilados acadan a consideración de grupo ocupacional en progresión en distintas comarcas galegas, aínda que especialmente na Coruña e Pontevedra.

Outros grupos a destacar, aínda que de xeito moito menos notorio e xeneralizado, son os que seguen: asistentes domiciliarios / dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados / traballadores en formigón, enfusadores, ferrallistas e asimilados / condutores de camión (A Coruña e Lugo) / e cociñeiros e outros preparadores de comida (Lugo e Pontevedra).

⁸ O *Estudo de necesidades formativas do sector téxtil e da confección en Galicia*, coordinado dende o Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións, e publicado no ano 2004, xa indicaba algunhas conclusións que poderían xustificar este proceso de forte diminución contractual. Facendo referencia expresa, atopamos as seguintes consideracións: "...A aparición de nova maquinaria nas diferentes fases do proceso produtivo (corte, cosido, etc.) provoca tamén cambios no desenvolvemento dos procesos. É unha maquinaria cada vez máis específica e cun alto grao de informatización, o que orixina a necesidade de formar o traballador nos diferentes tipos de máquinas e operacións que pode realizar cada aparato, ademais do seu mantemento preventivo e correctivo...".

D. Implantacións dos novos filóns de emprego

Os puntos dos novos filóns de emprego máis implantados no conxunto de Galicia son os servizos a domicilio e a protección e mantemento das zonas naturais. Como característica na súa distribución, cómpre indicar que os primeiros destacan en maior medida na provincia de Lugo, mentres que a protección e mantemento das zonas naturais teñen maior presenza na Coruña e Ourense.

E. Grupos ocupacionais con maior temporalidade

O grupo ocupacional de persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de pisos) e establecementos similares presenta un grao de temporalidade moi alto, temporalidade que podemos apreciar na maioría das comarcas galegas, independentemente da provincia en que se enmarquen.

Na Coruña destacan, pola súa temporalidade, traballos de peonaxe, considerados como non cualificados: peóns da industria manufactureira e peóns do transporte e descargadores. Especificamente, tamén habería que destacar o alto grao de temporalidade no grupo ocupacional de operadores de máquina de coser e bordar, grupo ocupacional que xa quedou destacado anteriormente pola súa forte caída contractual no período 2001-2005 nesta provincia.

En Lugo debemos facer referencia á forte temporalidade do sector sanitario, sector fortemente implantado nesta provincia pola súa presenza contractual. Esta temporalidade aparece moi acusada tanto en enfermeiros como no grupo de outros empregados no coidado das persoas (celadores sanitarios e padioleiros). O grupo de auxiliares de enfermaría hospitalaria tamén aparece salientado, circunstancia semellante á descrita na provincia de Ourense, onde este grupo ocupacional tamén presenta unha forte temporalidade.

Por último, en Pontevedra apreciamos unha acusada temporalidade no grupo de peóns do transporte e descargadores (coincidindo coa Coruña) e tamén no sector da hostalaría: cociñeiros e outros preparadores de comida, e o grupo de camareiros, barmans e asimilados.

F. Breve comparativa entre as comarcas que integran as sete grandes cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol.


As áreas de influencia das sete grandes cidades coinciden en sinalar o sector hostaleiro como motor importante das súas contratacións, aparecendo en todas elas os grupos de camareiros, barmans e asimilados, así como os de cocineiros e outros preparadores de comida, dentro dos prioritarios.

En xeral, aparece destacado en maior medida o sector servizos, nomeándose con frecuencia os taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas, así como os peóns de transporte e descargadores, dentro dos grupos ocupacionais destacados polos seus resultados.

Como excepción, dentro do sector da construción aparecen referenciados os traballadores de formigón, esfuscadores, ferrallistas e asimilados.

A comarca de Santiago é a única que non ten ningún grupo ocupacional catalogado de moi baixa ocupabilidade, fronte á comarca de Vigo, que presenta tres grupos ocupacionais pouco recomendables segundo a análise realizada. O grupo de auxiliar de enfermaría hospitalaria é o grupo de moi baixa ocupabilidade máis recorrente nas sete comarcas consideradas.

No que respecta ao **crecemento sostido**, cómpre indicar que os cama-reiros, barmans e asimilados destacan nas tres comarcas da Coruña, xunto coas dúas pontevedresas. Os cocineiros e outros preparadores de comida tamén aparecen destacados neste sentido en Pontevedra e Vigo (circunstancia que incide na importancia do sector hostaleiro na provincia, aínda que caracterizado por unha alta temporalidade), xunto coa comarca de Lugo. Tamén hai que destacar os traballadores en formigón, enfuscadores, ferrallistas e asimilados, con contratacións en constante crecemento nas comarcas de Ourense, Pontevedra e Santiago.




Os **filóns de emprego** destacados nas súas respectivas provincias non aparecen destacados nelas, aparecendo variantes residuais que, malia non teren gran repercusión no conxunto de Galicia, si que están presentes nestas áreas metropolitanas. Tal é o caso do *desenvolvemento cultural local* na Coruña⁹ ou o *turismo e seguridade* na comarca de Santiago.

No que respecta ao grao de **temporalidade**, as cidades galegas con maior número de grupos ocupacionais afectados por algunha incidencia que implique unha temporalidade máis ou menos acusada son a da Coruña (destacando claramente por riba das outras) Santiago e Vigo.

⁹ O grupo ocupacional de animadores comunitarios aparece na Coruña como de ocupabilidade laboral alta e crecemento sostido no período 2001-2005.

análise contractual das comarcas



a coruña

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA


- Peóns forestais (*crecemento sostido/ NFE Protección e mantemento das zonas naturais*)
- Representantes de comercio e técnicos de venda
- Revocadores, escaiolistas e estuquistas

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Condutores de camións
- Camareiros, barmans e asimilados
- Condutores de maquinaria de movementos de terra e equipos similares
- Cociñeiros e outros preparadores de comida
- Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
- Peóns agrícolas

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Albaneis e canteiros
- Peóns de industrias manufactureiras
- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Empregados administrativos, en xeral¹⁰
- Peóns da construción de edificios
- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de pisos) e outros establecementos similares
- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns
- Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais (*NFE Protección e mantemento das zonas naturais*)



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA

- Operadores de máquina de coser e bordar (moi alta temporalidade)

¹⁰ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquígrafos e mecanógrafos".

a barbanza

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA


- Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe
- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Camareiros, barmans e asimilados
- Cociñeiros e outros preparadores de comida
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados
- Peóns agropecuarios

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Peóns das industrias manufactureiras (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- Peóns da construción de edificios
- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de pisos) e outros establecementos similares
- Traballadores conserveiros de froitas e verduras
- Condutores de camións
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
- Enfermeiros (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Albaneis e canteiros
- Peóns de transporte e descargadores (moi alta temporalidade)
- Pescador por conta allea de altura
- Operadores de carretillas elevadoras (moi alta temporalidade)
- Costureiros á man, bordadores e asimilados



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA¹¹

- Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais (moi alta temporalidade)
- Empregados administrativos, en xeral¹²

¹¹ Dentro das de **ocupabilidade laboral moi baixa** aparecen destacados en cor aqueles grupos de ocupación que, aínda que aparecían recomendados nunha primeira fase da análise, presentan unhas características contractuais que fan que non sexan consideradas nas recomendacións do Observatorio Ocupacional.

¹² O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquígrafos e mecanógrafos" .

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA

- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
- Revocadores, escaiolistas e estuquistas
- Fontaneiros e instaladores de tubos
- Asistentes domiciliarios (crecemento sostido/ *NFE Servizos a domicilio*)

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Albaneis e canteiros
- Peóns da construción de edificios
- Patronistas e cortadores de tea, coiro e pel
- Electricistas da construción e asimilados
- Outros diversos profesionais do ensino¹³ (alta temporalidade)

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados
- Peóns do transporte e descargadores

¹³ Fai referencia a: orientador escolar / titor de formación aberta ou a distancia / formador-titor de empresa / formador de formación non regrada/ formador ocupacional.

¹⁴ Dentro das de **ocupabilidade laboral moi baixa** aparecen destacados en cor aqueles grupos de ocupación que, aínda que aparecían recomendados nunha primeira fase da análise, presentan unhas características contractuais que fan que non sexan consideradas nas recomendacións do Observatorio Ocupacional.

¹⁵ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquígrafos e mecanógrafos".



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA¹⁴

- Operador de máquinas de coser e bordar (forte caída contractual no período analizado)
- Camareiros, barmans e asimilados (alta temporalidade)
- Peóns de industrias manufactureiras (forte caída contractual no período analizado)
- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares (moi alta temporalidade)
- Condutores de camións
- Empregados administrativos, en xeral¹⁵
- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados

bergantiños

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA

- Camareiros, barmans e asimilados (crecemento sostido)
- Condutores de camións
- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados
- Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos
- Caixeiros, vendedores de billetes (agás bancos e correos)

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Albaneis e canteiros
- Peóns da construción de edificios
- Peóns do transporte e descargadores
- Xastres, modistas e sombreireiros (alta temporalidade)
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
- Operadores de máquina de branquear, tinguir e limpar (alta temporalidade)
- Revocadores, escaiolistas e estuquistas
- Fontaneiros e instaladores de tubos
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Persoal de limpeza de oficinas, hotéis (camareiras de pisos) e outros establecementos similares
- Empregados administrativos, en xeral¹⁶
- Pescador por conta allea de altura



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA¹⁷

- Operador de máquinas de coser e bordar (alta temporalidade)
- Peóns de industrias manufactureiras

¹⁶ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquigrafos e mecanógrafos".

¹⁷ Dentro das de **ocupabilidade laboral moi baixa** aparecen destacados en cor aqueles grupos de ocupación que, aínda que aparecían recomendados nunha primeira fase da análise, presentan unhas características contractuais que fan que non sexan consideradas nas recomendacións do Observatorio Ocupacional.

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA


- Albaneis e canteiros
- Camareiros, barmans e asimilados
- Fontaneiros e instaladores de tubos
- Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Peóns de transporte e descargadores
- Peóns da construción de edificios
- Cociñeiros e outros preparadores de comida (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Empregados administrativos, en xeral¹⁸
- Persoal de limpeza de oficinas, hotéis (camareiras de pisos) e outros establecementos similares (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- Soldadores oxicortadores
- Condutores de camións
- Chapistas e caldeireiros
- Caixeiros, vendedores de billetes (agás bancos e correos)
- Perruqueiros, especialistas en tratamentos de beleza e traballadores asimilados
- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA¹⁹

- Peóns de industrias manufactureiras (Moi alta temporalidade)
- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Operador de máquinas de coser e bordar (decrecemento sostido)

¹⁸ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquigrafos e mecanógrafos".

¹⁹ Dentro das de **ocupabilidade laboral moi baixa** aparecen destacados en cor aqueles grupos de ocupación que, aínda que aparecían recomendados nunha primeira fase da análise, presentan unhas características contractuais que fan que non sexan consideradas nas recomendacións do Observatorio Ocupacional.

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA


- Camareiros, barmans e asimilados (alta temporalidade/crecemento sostido)
- Telefonistas
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) (alta temporalidade/crecemento sostido)
- Animadores comunitarios (alta temporalidade/crecemento sostido / *NFE Desenvolvemento cultural local*)
- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Vendedores a domicilio e por teléfono (alta temporalidade)
- Representantes de comercio e técnicos de venda (alta temporalidade)
- Cociñeiros e outros preparadores de comida (alta temporalidade)
- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas (alta temporalidade)
- Condutores de camións
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados (alta temporalidade)
- Peóns do transporte e descargadores (alta temporalidade)
- Peóns de industrias manufactureiras (alta temporalidade)
- Empregados administrativos, en xeral²⁰ (alta temporalidade)
- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares (moi alta temporalidade)
- Peóns da construción de edificios
- Guías e azafatas de terra (moi alta temporalidade/ *NFE Turismo*)



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA²¹

- Albaneis e canteiros (decrecemento sostido)
- Operadores de máquinas de coser e bordar (decrecemento sostido)

²⁰ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquígrafos e mecanógrafos".

²¹ Os grupos ocupacionais definidos como de **ocupabilidade moi baixa** foron considerados de relativo interese na primeira fase de análise, pero as súas características contractuais motivaron a súa non recomendación por parte do Observatorio Ocupacional.

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA

- Soldadores e oxicatoradores
- Camareiros, barmans e asimilados (Crecemento sostido)
- Montadores de estruturas metálicas
- Instaladores de material illante térmico e insonorización
- Cociñeiros e outros preparadores de comida
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Operadores de máquina para imprimir
- Peóns de industrias manufactureiras
- Chapistas e caldeireiros
- Condutores de camións (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados (crecemento sostido)
- Peóns do transporte e descargadores (alta temporalidade)
- Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares
- Montadores de maquinaria mecánica
- Empregados administrativos, en xeral²²
- Peóns da construción de edificios



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA²³

- Albaneis e canteiros (decrecemento sostido)
- Operadores de máquinas de coser e bordar (alta temporalidade)

²² O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquígrafos e mecanógrafos".

²³ Os grupos ocupacionais definidos como de **ocupabilidade moi baixa** foron considerados de relativo interese na primeira fase de análise, pero as súas características contractuais motivaron a súa non recomendación por parte do Observatorio Ocupacional.

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA


- Camareiros, barmans e asimilados (crecemento sostido)
- Albaneis e canteiros
- Cociñeiros e outros preparadores de comida
- Electricista da construción e asimilados

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Peóns do transporte e descargadores (alta temporalidade)
- Peóns da construción de edificios
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria (alta temporalidade)
- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados
- Outros diversos profesionais do ensino²⁴
- Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Peóns das industrias manufactureiras (alta temporalidade)
- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de pisos) e outros establecementos similares (alta temporalidade)
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados
- Montadores de estruturas metálicas
- Condutores de camiión
- Soldadores e oxicortadores
- Chapistas e caldeireiros
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA

- Empregados administrativos, en xeral²⁵

²⁴ Fai referencia a: orientador escolar / titor de formación aberta ou a distancia / formador-titor de empresa / formador de formación non regrada/ formador ocupacional.

²⁵ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquigrafos e mecanógrafos".

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA


- Camareiros, barmans e asimilados (crecemento sostido)
- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Condutores de camións
- Montadores de estruturas metálicas

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Albaneis e canteiros
- Peóns de industrias manufactureiras
- Operadores de máquinas de coser e bordar
- Cociñeiros e outros preparadores de comida (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- Peóns forestais (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses/ *NFE Protección e mantemento das zonas naturais*)
- Peóns do transporte e descargadores
- Condutores de maquinaria de movemento de terras e equipos similares

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Persoal de limpeza de oficinas, hotels (camareiras de piso) e outros establecementos similares
- Peóns da construción de edificios
- Pescador por conta allea de altura
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria (moi alta temporalidade)
- Electricistas da construción e asimilados
- Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados



OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA²⁶

- **Empregados administrativos, en xeral²⁷** (alta temporalidade)
- **Enfermeiros** (moi alta temporalidade)

²⁶ Os grupos ocupacionais definidos como de **ocupabilidade moi baixa** foron considerados de relativo interese na primeira fase de análise, pero as súas características contractuais motivaron a súa non recomendación por parte do Observatorio Ocupacional.

²⁷ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquígrafos e mecanógrafos".

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA

- Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe (crecemento sostido)
- Pescador por conta allea de altura
- Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Albaneis e canteiros
- Peóns forestais (alta temporalidade/ *NFE Protección e mantemento das zonas naturais*)
- Peóns agropecuarios (moi alta temporalidade)
- Condutores de camións
- Conserxes de edificios (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)

OCUPABILIDADE LABORAL BAIXA

- Empregados administrativos, en xeral²⁸
- Persoal de limpeza de oficinas, hotéis (camareiras de pisos), e outros establecementos similares
- Peóns da pesca
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
- Cortadores, tronzadores e outros traballos forestais (alta temporalidade/ *NFE Protección e mantemento das zonas naturais*)
- Cocíñeiros e outros preparadores de comida
- Peóns do transporte e descargadores
- Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios (moi alta temporalidade)



Nº contratados 2005
 317
 317 - 766

OCUPABILIDADE LABORAL MOI BAIXA²⁹

- **Peóns de industrias manufactureiras** (moi alta temporalidade)
- **Camareiros, barmans e asimilados** (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- **Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados** (alta presenza de contratacións inferiores a 3 meses)
- Peóns da construción de edificios

²⁸ O grupo de ocupación ten o nome literal de "Taquigrafos e mecanógrafos".

²⁹ Dentro das de **ocupabilidade laboral moi baixa** aparecen destacados en cor aqueles grupos de ocupación que, aínda que aparecían recomendados nunha primeira fase da análise, presentan unhas características contractuais que fan que non sexan consideradas nas recomendacións do Observatorio Ocupacional.

ANÁLISE DOS 20 GRUPOS DE OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADOS

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA


- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados (crecemento sostido)
- Camareiros, barmans e asimilados
- Pescador por conta allea de altura (crecemento sostido)
- Animadores comunitarios (crecemento sostido/ *NFE Desenvolvemento cultural local*)
- Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade³⁰ (*NFE Seguridade*)
- Peóns forestais (*NFE Protección e mantemento das zonas naturais*)
- Bañista-socorrista
- Capitáns e oficiais de ponte
- Bombeiros

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA

- Peóns de industrias manufactureiras (alta temporalidade)
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
